


IV PROBA DA LIGA GALEGA DE ORIENTACIÓN

CONCELLO PORTO DO SON

ORIENTACIÓN



**INCIDENCIAS
SPORTIDENT**

POSIBLES INCIDENCIAS SPORTIDENT

Resumen do procedemento de actuación ante posibles incidencias Sportident (FEDO)

1. CORREDOR QUE NON DESCARGA A SÚA TARXETA SPORTIDENT Ó REMATAR.

Todo corredor debe picar o punto meta Sportident (dobre círculo no mapa) e posteriormente ir a descargar a súa tarxeta onde estea previsto pola organización. Aceptarase como válido que os corredores descarguen as súas tarxetas ata que cerre a meta. Os corredores que non descarguen nese prazo, serán considerados **FORA DE CONTROL**.

2. CORREDOR QUE NON LIMPA A SÚA TARXETA NA SAÍDA.

É responsabilidade do corredor limpar na zona de saída (na estación Sportident correspondente) a súa tarxeta. Todo corredor que por non limpar a súa tarxeta de datos anteriores, se quede sen memoria nela, e chegue á meta con picadas no mapa por ese motivo, será descualificado por **ERRO EN TARXETA**. O sistema de pinza manual só é válido si a estación Sportident se estropea.

3. CORREDOR Ó QUE LLE FALTA ALGÚN PUNTO DE CONTROL NA TARXETA.

Será automaticamente **descualificado**. É responsabilidade do corredor asegurarse que o seu paso polo control quedou correctamente rexistrado na súa tarxeta, aspecto que indica o pitido e a luz da estación cando se lle coloca a tarxeta Sportident. Esta descualificación inclúe todas as posibilidades, agás que se comprobe que o sistema fallou. Daquela, a estación non da luz nin pitido, polo que o corredor é responsable de detectalo e picar manualmente no lugar establecido para eses casos no seu mapa.

4. CORREDOR QUE ENTRA EN META E NON PICA.

Todo corredor que entra en meta e non pica o punto meta, pode volver a picalo. Si deixou algún outro punto do seu percorrido sen picar, non poderá volver ó terreo.

RECORDATORIO

- ▶ Nesta proba SPRINT as estacións SI **NON** están configuradas para o **sistema AIR**. Será necesario picar as balizas do xeito tradicional.
- ▶ Limpar e comprobar a tarxeta na saída.
- ▶ Coidado coas descualificacións por non esperar o pitido e/ou a luz na estación.
- ▶ Seguir a orde numérica dos controis no percorrido correspondente.
- ▶ Obrigatorio picar na estación de meta e despois descargar na estación de descarga de secretaría, para comprobar que non queda ninguén “perdido” no monte.
- ▶ Esta proba lévase a cabo nunha contorna urbana onde as balizas e as estacións quedan moi expostos e “a man” de calquera. Poden, polo tanto, desaparecer controis. Queremos recordar

neste sentido, a normativa existente no Regulamento de Orientación, especificamente no punto 2 do ANEXO X: ANULACIÓN DE PERCORRIDOS E AXUSTE DE RESULTADOS onde indica que:

2.- Si un competidor se encuentra con un problema en un punto de control, especialmente en relación con un punto de control desaparecido o mal situado, por duro que pueda parecer, debe esforzarse en continuar la carrera sin prejuzgar el resultado de una queja o decisión sobre el problema.

Polo tanto, a decisión que debe tomar un corredor, si se atopa na situación de que considera con total seguridade que falta un control, é a de continuar a carreira. Con posterioridade, o Xurado técnico tomará as decisións oportunas.